



Resumo da posición de CIG-Saúde sobre a Xestión Clínica e as Áreas de Xestión Clínica (AXC)

CIG-Saúde oponse claramente ás Áreas de Xestión Clínica (AXC) que propón o SERGAS. Facémolo desde a defensa da verdadeira Xestión Clínica, que ten pouco que ver coas AXC que pretende crear a actual administración sanitaria galega.

O proceso de creación das novas AXC ven caracterizándose pola **nula ou mínima participación dos profesionais** e a iniciativa da súa creación procede practicamente sempre das Xerencias das Áreas de Xestión Integrada, e non dos propios profesionais dos servizos afectados.

A proposta de AXC que fai o SERGAS non ten como obxectivo real avanzar na Xestión Clínica dentro da sanidade pública galega, pois **o seu verdadeiro obxectivo é tentar trasladar aos profesionais as decisións de aforro e recorte de gasto, a cambio de beneficios económicos persoais.**

A fonte dos recursos económicos que se vai usar para incentivar a participación dos profesionais nas AXC presentan **graves problemas deontolóxicos, sobre todo por ligar os incentivos ao aforro económico, no canto de facelo a resultados de saúde.** Os pacientes dificilmente entenderán que os profesionais da saúde poidamos lucrarnos por aforrar en persoal para atendelos, ou no material funxíbel necesario para o seu coidado, ou nas probas precisas para diagnosticar as súas enfermidades ou nos tratamentos precisos para curalas ou alivialas.

Ademais, trátase dun **modelo que se vai saturar en pouco tempo**, pois os incentivos, ao ter como única fonte o aforro, cada ano presentarán menor marxe de redución. Si de verdade quixera facer Xestión Clínica, o SERGAS debería de asignar recursos económicos directos non só para os novos incentivos, que sempre deberían esta ligados a resultados de saúde e non ao aforro puro e duro, senón tamén para asesoría en calidade, imprescindible para avanzar en xestión clínica.

O Decreto do SERGAS, cuxo texto é de sobra coñecido e está xa colgado na páxina web do SERGAS, **está inzado de incertezas e falta de concrecións** en aspectos claves que afectan as condicións laborais e profesionais do persoal que participe nas novas AXC: que vai pasar cos profesionais que non acepten integrarse na correspondente UXC na



que se integre o seu servizo?; que pasará cos que se integren e logo queiran saír dela?; como afecta a creación das AXC aos Concursos de Traslados e ás OPEs?; as contradicións entre o Director da AXC (unha figura carente de regulación legal) e os Xefes de Servizo, como se resolverán?; a negociación das condicións de traballo nas AXC farase co Director da AXC?, ... Desde CIG-Saúde consideramos que o SERGAS debe deixar perfectamente aclaradas esas incertezas e falta de concrecións, **publicando unha nova norma legal que deberá ser editada no DOG**, pois o valor legal das promesas realizadas nun xogo de preguntas e respostas asinados por un directivo ou na acta dunha mesa sectorial, non semella os lugares acaídos para clarificar e deixar regulamentadas eses aclaracións imprescindíbeis para tomar unha decisión informada sobre se incorporarse ou non ás AXC.

Por outra banda, desde CIG-Saúde vemos con enorme preocupación, a recente modificación do Estatuto Marco (EM), mediante a Lei 10/2013, aprobada no parlamento español e publicada no BOE do 25 de xullo de 2013. **Esta modificación do EM ten como obxectivo posibilitar a privatización das AXC existentes na sanidade pública, e forzar a laboralización (perda do vínculo estatutario) “voluntaria” dos seus profesionais.** Trátase dunha modificación legal que pendurará como unha espada de Damocles sobre os profesionais que se integren nunhas AXC que agora o SERGAS afirma que carecerán de entidade xurídica propia. Porén, as modificacións introducidas no EM facilitan que esas AXC, até agora públicas, poidan no futuro ser privatizadas se así o deciden os responsábeis políticos correspondentes que, ademais, tamén poderán contar para ese obxectivo privatizador, co Decreto 15/1997 de novas formas de xestión que, cómpre non esquecerlo, sigue plenamente vixente. Na opinión da CIG-Saúde, os profesionais non deberían aceptar a súa integración nas AXC que propón o SERGAS, antes de que este oferte garantías suplementarias, críbeis, de que adscribirse a súa integración nas AXC non vai ser usada no futuro para privatizar as AXC e laboralizar ao seu persoal, usando as modificacións do EM recentemente aprobadas ou a Lei 15/1997.

CIG-Saúde recoméndalle aos traballadores que non acepten, nas actuais condicións, a súa integración nas AXC e, por outra banda, pídelles ao SERGAS que paralice o Decreto de ÁXC que está a piques de ser publicado en DOG, e retome na Mesa Sectorial unha verdadeira negociación para implantar unha verdadeira Xestión Clínica.

25-11-2013